



Ti dás o tipo  
#súmatadoasangue

900 100 828  
10 MINUTOS DA TÚA VIDA PARA SALVAR A DOUTROS

# A doazón de sangue na Universidade Curso 2017- 2018

Axencia de Doazón de Órganos e Sangue.

Avda. Monte da Condesa s/n. 15706 Santiago de Compostela

<http://ados.sergas.es>

Facebook: <http://www.facebook.com/doadoressangue>

Twitter: @doadoressangue

axencia de doazón de órganos e sangue

Avda. Monte da Condesa, s/n | CP 15705 | Santiago de Compostela  
Email: [ados@sergas.es](mailto:ados@sergas.es) | Teléfono: (0034) 881 546 900 / 900 100 828

## CONTEXTUALIZACIÓN:

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), dependente da Consellería de Sanidade, na que se integra o Centro de Transfusión de Galicia, subministra compoñentes sanguíneos as 24 horas a todos os hospitais de Galicia para desenvolver a actividade asistencial programada e facer fronte ás urxencias.

Cada día 10 unidades móbiles percorren os concellos galegos para atender ás persoas que desexan realizar este acto altruísta. As doazón de sangue, recollidas nas unidades móbiles ata as dependencias centrais en Santiago de Compostela para o seu procesamento, análise e conservación.



Establécese cos centros hospitalarios de Galicia unhas reservas de seguridade de cada un dos diferentes grupos sanguíneos e, diariamente, a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue envía os compoñentes sanguíneos (hemoderivados) que precisan para atender a todos os doentes que o necesitan.

O sangue é un elemento que non se pode fabricar nin improvisar e que todos os días do ano precisan moitas persoas que son sometidas a intervencións cirúrxicas, que sufriron accidentes de tráfico ou laborais, que padecen anemias, hemorraxias, enfermidades crónicas, cancro, leucemia, que reciben transplantes de órganos...Os nosos hospitais precisan entre 400 e 500 doazóns de sangue cada día para que moitas persoas recuperen a saúde.

***A Organización Mundial da Saúde (OMS) recomenda obter de 40 a 60 doazóns de sangue por cada 1.000 habitantes e ano, para cubrir todas as necesidades***

ADOS agradece a colaboración desinteresada que prestan no desenvolvemento das campañas de doazón numerosas persoas, institucións e asociacións. Esta axuda resulta imprescindible para poder superar as dificultades debidas á dispersión da poboación, e facer chegar a información necesaria aos cidadáns para que decidan participar neste acto solidario.

## MARCO LEGAL

Dende 1985 a doazón de sangue defínese como un acto **voluntario, altruísta, anónimo, universal e gratuíto** (Real Decreto 1945 / 1985 de 9 de outubro do Ministerio Sanidad y Consumo e posterior RD 1088/2005 do 16 de setembro). A Consellería de Sanidade elabora o seu propio marco normativo co Decreto 462 / 1990, de 20 de setembro, e no último Decreto 100/2005 do 21 de abril, que adapta a normativa Europea e reafirma a gratuidade deste xesto solidario:

“A doazón de sangue ou algún dos seus compoñentes constituirá sempre un **acto de carácter voluntario e gratuíto** e, en ningún caso, existirá retribución económica para o doador nin se esixirá ao receptor prezo ningún polo sangue recibido”

(RD 1988/2005. Artigo 31. Apartado 1)

Ademais, a doazón de sangue é un acto responsable. É vital para a seguridade transfusional que o doador aporte toda a información sobre o seu estado de saúde, xa que o sangue vai destinado a axudar á recuperación dos doentes.



## ACTIVIDADE NO ANO 2016:

Realizáronse 3.217 desprazamentos das unidades móbiles. Previamente distribuíronse 54.000 carteis e 913.000 de monípticos informativos e 20.000 cartas, ademais se impartiron 3.104 charlas en centros universitarios, centros de ensino secundario, asociacións,... Durante o ano 2016, as unidades móbiles da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue achegáronse ata:

- \* 306 concellos, 121 parroquias e 74 barrios das grandes cidades.
- \* 81 centros Universitarios e 92 centros docentes non universitarios.
- \* 7 dependencias das Forzas Armadas.
- \* 128 empresas, polígonos industriais e organismos públicos.

## A DOAZÓN DE SANGUE PASO A PASO:

É un acto seguro, sinxelo, cómodo e necesario para que moitas persoas. En xeral, poden doar sangue, as persoas maiores de 18 anos (se cumpren 65 anos poden continuar co permiso do seu médico), con máis de 50 quilos de peso e que non padezan nin teñan padecido enfermidades transmisibles polo sangue (hepatite B, hepatite C, sífilis, SIDA...). Os homes poden doar un máximo de 4 veces ao ano e as mulleres 3 veces ao ano; deixando pasar entre cada doazón un mínimo de 2 meses.

**Entrevista:** Antes da doazón un médico realiza unha entrevista confidencial e un exame médico básico para preservar a saúde do doador e protexer ao futuro receptor dos compoñentes sanguíneos. Mídese o pulso, a tensión sanguínea e tómase unha pinga de sangue dun dedo para medir o nivel de hemoglobina e desbotar unha posible anemia

**Doazón:** Dura de 5 a 7 minutos. O persoal sanitario emprega material estéril e dun só uso. Durante a doazón, non hai ningunha posibilidade de contraer enfermidades transmisibles polo sangue.

**Recuperación:** Ao rematar, o doador toma auga ou refrescos para que o volume de líquido extraído (450 ml) sexa recuperado case de inmediato. Aos poucos días, envíase ao seu domicilio os resultados das análises realizadas (determinación do grupo sanguíneo, probas de hematoloxía, bioquímica e seroloxía) para coñecer o seu estado de saúde.



A doazón de sangue non debilita o organismo

## UTILIDADE DUNHA DOAZÓN DE SANGUE:

O sangue non se emprega tal e como se lle extrae ao doador. Cada bolsa de sangue doado sométese a un proceso de separación no que se obteñen tres compoñentes sanguíneos (glóbulos vermellos, plasma e plaquetas). Normalmente cada enfermo require só un deles.

**Glóbulos vermellos:** Para intervencións cirúrxicas, transplantes de órganos, hemorraxias debidas a accidentes de tráfico. Duran ata 42 días.

**Plasma:** Contén proteínas para o tratamento de grandes queimados, transplantes de fígado,... consérvase ata 2 anos.

**Plaquetas:** Para o tratamento de enfermos con cancro ou leucemia, nos transplantes de medula ósea,... tan so duran 7 días



Unha doazón de sangue pode beneficiar a máis dun enfermo, xa que os compoñentes sanguíneos adoitan utilizarse por separado.

Cada día, os hospitais galegos atenden unha media de 2.700 urxencias, realizan máis de 500 intervencións cirúrxicas e 3 transplantes de órganos tecidos.

Unha intervención cirúrxica pode precisar dúas bolsas de glóbulos vermellos e nalgúns accidentes de tráfico e transplantes de fígado chégase a utilizar o sangue que doan 10 ou 20 persoas.

Os hospitais galegos precisan cada día entre 400 e 500 doazóns de sangue.

Sinalar que desenvolvemos campañas informativas para concienciar a un grupo especial de doadores que é moi importante nas urxencias porque son doadores universais, Sangue do grupo Cero Negativo hai pouco (só 7 de cada 100 doadores) e urxencias moitas todos os días.

## A DOAZÓN DE SANGUE EN GALICIA (ano 2016)

Dende que a Consellería de Sanidade asumiu o labor de captación de doadores e doadoras de sangue altruístas, Galicia pasou de ocupar o penúltimo lugar de España en taxa de doazón de sangue (25 doazóns por cada 1.000 habitantes) a situarse como unha das comunidades con maior índice de participación. Na actualidade, ADOS despraza, diariamente, 10 unidades móbiles que percorren as catro provincias galegas e dispón de locais de doazón de sangue nas sete grandes cidades.

Grazas ao traballo desenvolvido, produciuse unha progresiva concienciación da poboación. As **111.276 doazóns** de sangue do 2016 representan **41 doazóns** por cada 1.000 habitantes e ano e acadamos, por 17º ano consecutivo a taxa recomendada pola Organización Mundial de Saúde (OMS), de 40 a 60 doazóns por cada 1.000 habitantes e ano, superando a media estatal ao redor de 37/1.000.

PROVINCIA	DOAZÓN 2015	TAXA * DOAZÓN 2015	DOAZÓN 2016	TAXA DE DOAZÓN 2016 (PADRON 2016)	INCREMENT O 2016/ 2015
A CORUÑA	51.707	46/1000	51.054	45/1000	-1,3%
LUGO	9.016	27/1000	8.588	26/1000	-4,7%
OURENSE	10.473	33/1000	9.958	32/1000	-4,9%
PONTEVEDRA	40.054	42/1000	41.676	44/1000	4%
GALICIA	111.250	41/1000	111.276	41/1000	0,02%

\*TAXA DE DOAZÓN: número de doazóns por cada 1.000 habitantes e ano

## DOAZÓN DE SANGUE NAS UNIVERSIDADES

Durante o pasado curso académico 2016 - 2017 houbo **4.615 doazóns de sangue** nas tres Universidades galegas, o que representa un **descenso do 5%** respecto ao curso anterior:

UNIVERSIDADE	DOAZÓN CURSO 2011-12	DOAZÓN CURSO 2012-13	DOAZÓN CURSO 2013-14	DOAZÓN S CURSO 2014-15	DOAZÓN CURSO 2015-16	DOAZÓN CURSO 2016-17
A CORUÑA	1.756	1.576	1.600	1.557	1.410	<b>1.581</b>
SANTIAGO	2.860	2.534	2.393	2.152	1.931	<b>1.572</b>
VIGO	1.886	1.456	1.690	1.693	1.530	<b>1.462</b>
<b>Total Universidade</b>	<b>6.502</b>	<b>5.566</b>	<b>5.683</b>	<b>5.348</b>	<b>4.871</b>	<b>4.615</b>

A continuación amosamos a participación nos sete campus universitarios durante o pasado curso académico:

CAMPUS	DOAZÓN CURSO 2011-12	DOAZÓN CURSO 2012-13	DOAZÓN CURSO 2013-14	DOAZÓN CURSO 2014-15	DOAZÓN CURSO 2015-16	DOAZÓN CURSO 2016-17
A CORUÑA	1.526	1.349	1.396	1.384	1.236	<b>1.389</b>
SANTIAGO	2.300	1.994	1.900	1.717	1.499	<b>1.183</b>
VIGO	1.160	856	1.028	979	928	<b>836</b>
LUGO	560	540	493	435	432	<b>389</b>
PONTEVEDRA	361	271	333	315	287	<b>324</b>
OURENSE	365	329	329	345	315	<b>302</b>
FERROL	230	227	204	173	174	<b>192</b>
<b>Total Universidade</b>	<b>6.502</b>	<b>5.566</b>	<b>5.683</b>	<b>5.348</b>	<b>4.871</b>	<b>4.615</b>

## CURSO 2017/2018

A campaña de doazón nos campus galegos realízase dende 1993, en base ao convenio de colaboración asinado coas tres universidades e levarase a cabo en dúas fases: a primeira de setembro a decembro de 2017 e a segunda que abranguerá aos meses de marzo a maio de 2018.

A atención ao doador levarase a cabo nas unidades móbiles que desprazamos a cada centro universitario, atendidas por persoal sanitario que tenta evitar os períodos de espera e que traballa para que este acto solidario sexa unha experiencia positiva. As veces, cando non

sexa posible estacionar a unidade móbil preto das facultades ou escolas, atenderemos ás persoas que desexen participar dentro dos propios centros educativos, nalgunha aula por medio de padiolas portátiles.

Imos informar por teléfono, mail , carta ou sms a cada persoa que participou nos pasados cursos, do día no que acudimos ao seu centro. Tamén utilizaremos as redes sociais para espallar a información e, en todos os centros universitarios impartiranse charlas previas á chegada da unidade móbil e volverase a distribuír material informativo.

## COMPROMISO COA UNIVERSIDADE

ADOS desexa por en valor a importancia da colaboración do colectivo universitario no desenvolvemento de múltiples iniciativas destinadas a promover unha conciencia solidaria a prol da doazón de sangue e que van máis alá da realización das campañas de doazón . Neste sentido, salientar que o pasado 14 de xuño tivo lugar o acto de conmemoración do Día Mundial do Doador de Sangue no que foron recoñecidas as tres universidades galegas polo seu decidido compromiso e constante colaboración con iniciativas destinadas a promover este xesto solidario.



Así mesmo, ADOS está a promover distintas iniciativas en colaboración cos centros docentes e distintas asociacións pertencentes ás tres universidades entre as que cabe salientar:

- Visitas formativas ata as instalacións da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (Facultade de Químicas, Asociación MEIGA, Escolas Universitarias de Enfermaría,...)
- Desenvolvemento do proxecto Aprendizaxe e Servizo en colaboración coa Facultad de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela
- Participación en congresos universitarios (UsCience na Facultade de Medicina da USC)
- Colaboración nas xornadas de saúde promovidas pola Asociación MEIGA
- Realización do Concurso de Curtametraxes Universitarias sobre a doazón e transplante de Medula Ósea.

## TI DÁS O TIPO

Queremos facer un chamamento a toda a comunidade universitaria para aumentar a participación nesta iniciativa solidaria. Para xestionar o sistema sanitario precisamos infraestrutura (hospitais, quirófanos, centros de saúde, ambulancias...), profesionais (médicos, DUE's, celadores, administrativos,..), tecnoloxía para realizar o diagnóstico e tratamentos dos enfermos (radiografías, análises, ...), fármacos para o tratamento dos doentes e, tamén, en moitas ocasións, persoas que doan sangue, un colectivo que ten un papel imprescindible e vital no desenvolvemento da actividade sanitaria..

Os doadores e doadoras de sangue forman parte da sanidade, están presentes nos quirófanos cando realizamos unha intervención cirúrxica, nas urxencias cando atendemos a unha persoa que sufriu un accidente de tráfico, nos hospitais de día cando axudamos no tratamento de enfermos de cancro, cando realizamos un transplante de órganos...



ados  
axencia de doazón de órganos e sangue

XUNTA  
DE GALICIA  
xunta.gal

+

+

+

+

# Ti das o tipo

#súmatadoasangue

900 100 828

10 MINUTOS DA TÚA VIDA PARA SALVAR A DOUTROS

En todas estas ocasións, son os doadores e doadoras, as persoas que permiten obter eses compoñentes sanguíneos. Por este motivo, a nova campaña de ADOS utiliza o lema “Ti das o tipo”, para tentar transmitir aos cidadáns que todos podemos colaborar e “dar o tipo” doando sangue, e tamén en clara alusión aos distintos grupos sanguíneos. Ademais, a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue pon rostro ás persoas que doan sangue e tamén aos receptores desta solidariedade, nunha nova campaña de sensibilización na que doadores e receptores reais narran, nunha dúcia de historias, a súa experiencia persoal. Convidamos a que coñezan estas pezas que se atopan colgadas na web: [ados.sergas.es](http://ados.sergas.es) e nas redes sociais da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue.